



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

MARÍA ROCA VÁZQUEZ, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME, PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29.01.2026, TOMOU RAZÓN, entre outros, da proposta seguinte, que se transcribe no seu literal:

<<6. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO EN RELACIÓN COA PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2025 A 2026.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

Comunicación da remisión ao Ministerio da prórroga do orzamento 2025 para a ano 2026.

(Expediente TEdC: 2024/T004/000001

Visto o sinalado o sinalado na orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 9/2026 , de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa prórroga do orzamento de 2025 a 2026".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN>>**.

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, María Roca Vázquez, Secretaria accidental do Concello de Ponte deume, e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro que se asina dixitalmente en Ponte deume, o día sinalado na marxe por ambos, rubricada pola persoa funcionaria tramitadora.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2025 A 2026

EXPEDIENTE Nº 2025/G003/000908

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

A lexislación orzamentaria establece que, se ao iniciarse o exercicio non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o anterior, cos seus créditos iniciais, e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

O artigo 112.5 LRBRL establece que *“se o presuposto non fora aprobado antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedará automaticamente prorrogada a vixencia do anterior”*.

Sobre isto cómpre sinalar que o orzamento para o exercicio 2026 non ten sido aínda obxecto de elaboración, polo que, en tanto éste non se tramite, aprobe e entre en vigor, procede realizar a prórroga orzamentaria do exercicio 2025 a 2026

Considerando o establecido nos artigos 169.6 do TRLFL e 21 do R.D. 500/1990, nos que se establece a prórroga automática do Orzamento do exercicio anterior cos requisitos indicados, isto é, que non terán a consideración de prorrogables as modificacións de crédito nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con créditos ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no dito exercicio,

E vistos os informes emitidos pola Intervención municipal coas referencias 337 e 338/2025 ambos do 19 de decembro de 2025, en relación coa prórroga orzamentaria e o cumprimento da estabilidade orzamentaria,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prorrogar con efectos do 1 de xaneiro de 2026 os créditos iniciais dos gastos previstos no orzamento do Concello para o exercicio 2025 de conformidade cos condicionamentos establecidos nos artigos mencionados así como as previsións de ingresos contempladas no orzamento para o referido exercicio.

SEGUNDO.- Axustar á baixa (non prorrogables), tendo en conta a lexislación mencionada, as aplicacións orzamentarias que se sinalan a continuación polos créditos que se indican, que ascenden a 475.527,19 euros:

Denominación Proxecto	Orzamento a minorar	aplicación gastos
1ª Fase, rehabilitación piscina municipal (POS+2025)	281.229,66	342.63200
Saneamentos e abastecementos	22.000	160.61900
Renovación tubaxe abastecemento Avda. Ricardo Sánchez (POS+AD 2/2024)	72.954,91	161.61900
Mellora acceso e aparcamento urbanización Olmo	48.320	133.61900
Adquisición barredora	40.022,62	163.62300



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Mellora iluminación	11.000	165.61900
TOTAL	475.527,19	

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Intervención Municipal para que efectúe as anotacións contables que procedan.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

